

Instrucións do proceso de admisión para FP dual

Orde do 14 de xuño de 2018 pola que se autorizan proxectos experimentais de formación profesional dual

1. **Proceso de admisión centralizado** na aplicación informática **web** (<https://www.edu.xunta.gal/ciclosadmision/>)

2. **Cubrir unha solicitude para un único proxecto de FP dual** utilizando o asistente informático, e xuntando a documentación escaneada que se solicite, entre **o 25 de xuño e o 2 de xullo de 2021**.

- Con carácter xeral a validación é automática (non precisa entregala en ningún centro). Conservar copia impresa como resgardo.
- No caso de que se indique no Anexo, deberá validarse nun centro. Xerará un exemplar para o centro e un exemplar para o interesado. Presentarase nun centro con oferta de FP dual coa documentación requirida.

Se a persoa solicitante presenta máis dunha solicitude ou solicita máis dun proxecto, non se terá en conta a súa petición.

3. Documentación requirida:

- Copia do pasaporte ou do documento de identificación da Unión Europea, cando non se dispoña de DNI ou NIE.
- No caso de non ter realizados os estudos ou as probas de acceso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, certificación académica en que conste o expediente académico e o depósito do título, de ser o caso, ou o certificado da superación da proba de acceso ao ciclo formativo ou da proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.
- Currículo co formato Europass, que se poderá elaborar no enderezo: <https://europass.cedefop.europa.eu/es/documents/curriculum-vitae> .

4. De ter que presentar a solicitude: **Documento** xerado na aplicación, xunto coa documentación, na secretaría dun centro de Galicia que oferte FP dual entre o **25 de xuño e o 2 de xullo de 2021**. Poderá remitila por correo postal certificado en sobre aberto co selo de correos no mesmo prazo, e deberá enviar tamén toda a documentación escaneada ao correo electrónico do centro: cifp.anxel.casal@edu.xunta.gal

5. As persoas que participen no proceso de admisión para os proxectos de formación profesional dual tamén poderán, se así o desexan, realizar a solicitude de admisión a ciclos formativos de grao medio ou de grao superior no réxime ordinario ou para persoas adultas, na modalidade presencial ou a distancia.

6. As persoas admitidas nun proxecto de FP dual quedarán excluídas, e non serán adxudicadas, no proceso de admisión a ciclos formativos no réxime ordinario ou no réxime para as persoas adultas. No caso de non seren admitidas en ningún proxecto de FP dual poderán continuar no proceso de admisión a ciclos formativos.

7. Requisitos dos participantes

- Ter dezaoito anos ou máis no ano natural en que comece o ciclo formativo.
- Carecer da cualificación profesional, obtida e recoñecida polo sistema de formación para o emprego ou do sistema educativo, requirida para concertar un contrato en prácticas para o posto de traballo ou a ocupación obxecto do proxecto.
- Non ter realizado con anterioridade un contrato de formación e aprendizaxe, e cumprir os requisitos establecidos na normativa laboral vixente para o poder efectuar.
- Non ter superado ningún módulo profesional do ciclo formativo do proxecto solicitado, agás que fose cursando outro ciclo formativo

8. A publicación de listaxes na páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/fp/> e na páxina web do centro <http://www.cifpanxelasal.gal/> .

- Publicación da relación provisional de persoas solicitantes: **5 de xullo**.
- Reclamación contra a relación provisional de persoas solicitantes: do **5 ao 7 de xullo**.
- Publicación da relación definitiva de persoas solicitantes: **8 de xullo**

9. Do **8 ao 14 de xullo** é o período de selección por parte da entidade colaboradora. Realizarase unha entrevista .

10. Publicación da relación de persoas admitidas e en espera: **16 de xullo**.

11. Período de matrícula para persoas admitidas: do **16 ao 23 de xullo**.

NOTA: En caso de ter que acudir presencialmente á secretaría do CIFP Ánxel Casal- Monte Alto, solicite cita previa na seguinte ligazón: <http://cifpanxelasal.es/citas/>

Código Ciclo. Oferta FP dual

Código do CIFP Ánxel Casal- Monte Alto 15022607	
<i>ZMSSC01_ZM19001</i>	Dobre titulación en Coidados auxiliares de enfermaría e Atención a persoas en situación de dependencia